

Francisco móllase. *Laudato si'*: unha encíclica verde ben comprometida

A foto que fala

Como cada verán, o pailanismo “is back”



O trasno O golpe

Daniel López Muñoz



Concelleiros e alcaldes emerxentes, xente de esquerda no poder municipal, tiveron que enfrontarse nada máis chegar ao cargo á decisión de que facer cando “toca” presidir ou acudir a un acto con contido relixioso, católico en concreto. Sen irmos máis lonxe, á vella ofrenda eucarística do antigo Reino de Galiza (que así, “Galiza”, como no himno pondaliano, aparecía na urxente campaña publicitaria –ver foto– dun bispado lugués subitamente convertido ao nacionalismo gramatical). Ou calquera dos que veñan despois, por exemplo, arredor da tradición xacobeana.

Os antecedentes son penosos e xa lle demos aquí un bo repaso. Aque-

E toda a historia que hai detrás, que é moito do noso señor.

Ningunha decisión sae gratis neses momentos. Tomouse unha defendible: non mesturar o exercicio do poder democrático, non confesional, coa presenza nun acto dunha confesión relixiosa concreta. E precisamente é unha decisión defendible polo argumento que empregan algúns para atacala. Din que estes alcaldes representan non só aos seus, senón a todos. Velaí: precisamente porque representan a todos e todas, é polo que é defendible non arrimarse a unha relixión en concreto.

la concelleira, do goberno do partido de Bárcenas, campión dos recortes sociais, en pleno pico da crise, encomendándolle ao Apóstolo a solución da corrupción e o paro.

Defendible non significa opción única. Outra opción, que sería unha bomba, sería acudir. E falar sen cancelas. Queredes que fale?, falemos! E sen balbordo, con contundente liberdade, dicir unhas poucas cousas. Deste tipo: abonda xa de utilizar a relixión cristiá para lexitimar e bendicir un sistema que defende os bancos e afunde as familias; que consegue que aumenten os ricos en plena crise de pobreza das maiorías; que depreda a natureza; e xa basta de usar a relixión para facer da muller subsidiaria do varón, para controlar conciencias e culpabilizar co medo. Ou tamén: reivindicar con tempero, cun par deles, que o histórico e real Suso de Nazaré pertence á humanidade, como todos os torturados e executados polo conservadorismo social e político aliado co Templo.

Ben seguro que estes rapaces non saben que todo iso se podería dicir con argumentos do propio Evanxeo. Pero aí entramos nese terreo comanche do prexuízo, nesa complicadísima relación da nosa esquerda social co feito relixioso. Cómprenlles bos asesores.

Editorial

A recentísima encíclica de Francisco –*Papa católico*, habrá que recordarle “aos de sempre”- ten valor en si mesma, polo que di e a perspectiva e o fundamento desde o que fala.

Pero, ademais, o que marca é una senda que ten se cadra máis importancia. Francisco xa non entra en comunicación cos seus fieis, non é un discurso cara a dentro, non suxire, dogmatiza ou impón criterios para o orbe católico. Tanto o tema, como a linguaxe, como a proposta que fai, son para toda a humanidade e interesan a toda a humanidade. Como indicaba acertadamente un recente artigo de prensa¹ o papa Bergoglio actúa como “contrapoder”

Bergoglio asume cunha sorprendente valentía o papel de contrapoder global

papel, identificándose, precisamente, cos máis pobres do planeta, os que con máis cruexa senten xa, e sentirán se nada cambia, o deterioramento das condicións de vida pola crise ecolóxica á que parece que estamos irremisiblemente condenados.

As raíces da crise ecolóxica semellan estar fóra das “competencias” dos gobernos, que se reúnen en cumios longos, carísimos e contaminantes para non tirar nada en limpo. Esa crise ten moito que ver, como se asume na encíclica, con intereses económicos e con cuestións morais e culturais, en concreto con esa cultura do descarte que tanto condena este Papa e que está na raíz mesma no capitalismo neoliberal, dese global usar e tirar, consumir e contaminar, esgotar os recursos como adolescentes malcriados postos aquí por unha longa historia humana, por xeracións de esforzo, sufrimento e creación.

Cando xa non estamos nada seguros de poder deixarlle aos nosos fillos e fillas un mundo mellor, cómpre parar o carro e escoitar voces, como neste caso, que transcendan o noso consumismo de cada día, e poñan seriamente en cuestión a desfeita que empresas, gobernos e consumidores, estamos a provocar.

1 - Lluís Bassets en El País: http://internacional.elpais.com/internacional/2015/06/19/actualidad/1434743206_693578.html

Ese actuar como contrapoder é unha das posibilidades que quedan de dar sentido hoxe ao papado. Ademais de ser bispo de Roma, un irmán maior, ser Papa outorga unha posibilidade de poder simbólico e moral, de contrarrestar as tendencias destrutivas de Mercados e Gobernos. E Bergoglio asume cunha sorprendente valentía ese

Rumores de esperanza

Xan Guillén

Hai que ver como foi o último número de *Irimia*. Houbo un par de historias moi esperanzadoras das que se len cun sorriso nos beizos. Só que exista *Irimia* é unha sorte e dá para moitos sorrisos pero quería quedar cun par de historias que me parecen abraiantes.

Quedo co esforzo de Lucía por levar a música a todos os currunchos desta terra incluíndo nas cortes. A música é imprescindible na nosa vida e faínos sempre moito ben. Se nos fai ben está ben que chegue onde sexa e que se valore. Imaxinades un mundo sen música? Eu non quero nin pensalo.

E quedo tamén coa entrevista a Alfonso da Marea Atlántica. Moi espe-

cialmente ao apartado no que se fala da presenza do galego. Penso que é unha sorte que desapareza a vella polémica polo L do topónimo e que o uso do galego sexan normal na administración municipal. Se cadra as cousas están cambiando e a cidade da Coruña convértese nun referente de transformación social e lingüística. Desexemos que as Mareas e os cambios que en xeral vivimos o 24 de maio non sexan só un cambio de caras e que realmente haxa un cambio no xeito de entender o servizo aos cidadáns.

Se cadra o lema da Romaxe é certo e xa estamos desorbando soños.



1



3



2



4



A peneira

1

O 26 volvemos a Vigo para celebrar o centenario de Xaime **SEIXAS**, o que nos axudou a afondar na palabra coma transmisora das fibras máis íntimas do noso ser, dende as raíces ata a encarnación da fala en todos os eidos da actividade. Na foto, a estela que alumea a rúa que leva o seu nome.

2

A USC asina convenios para mercar **BICIS** máis baratas a universitari@s. Só en Lugo prestou 90, incentivando o seu uso. Se en España un habitante anda nela 20 km/ano, en Dinamarca son 936 e en Holanda 848. En Noruega o estado paga o imposto de retorno, 2€ por quilómetro percorrido en bici.


3

A **ONG HUMANA**, Pobo para Pobo, espallou contedores para recoller roupa. 30 están na provincia de Lugo, aínda que a central está en Sergude-Boqueixón. Con eles recolleron no primeiro semestre do 14,30 toneladas. A metade foi para África para incentivar o comercio e un 13% para tendas de segunda man. O 30% é reciclada.

4

O 4, **Día Internacional das Cooperativas**, lembramos que as agrarias son máis da metade e a maioría relacionadas co vacún, para a produción láctea e cárnica, cultivos hortofrutícolas e vitivinícolas. É o camiño axeitado para fixar poboación no rural. Son máis de 500 en todos os eidos. Na foto, Xosefa Fernández fundadora da Cooperativa Mar de Lira que une tradición e innovación

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

A **SARDIÑA** molla o pan no San Xoán, grazas ás 5.400 toneladas que nos corresponden (cada barco 3000 kg. á semana). Ao prohibir os descartes cómpre evitar a captura da pesca non desexada naquel momento e buscar novas saídas económicas con rendibilidade. Tamén son vítimas outras especies ou peixes moi novos. En Galiza son 427 embarcacións coa arte tradicional do xeito.

6

As eleccións en **SUDÁN** do Sur serán o 30. Este país é independente dende o 2011, despois da guerra civil máis longa da historia, que custou 2 millóns de mortos. É motivo de preocupación mentres o ditador do norte segue ameazando. Na foto, unha emisora de radio, apoiada por Mans Unidas, loitando pola liberación da muller nun país de maioría cristiá e animista fronte ao norte, musulmán.

7

En "Retrato de esguello" (no Marco de Vigo ata o 27 de setembro) podemos celebrar a arte e o compromiso con Galiza de Luís Seoane. E aprendemos que este legado sería imposible sen a teima da súa muller Maruxa por xuntalo e rescatalo (na foto, ao pé do "Cristo obreiro"). Cando **SEOANE** foxe dende Lisboa a Bos Aires, no golpe de estado do 36, ela séguese para sempre.

8

O **SUICIDIO** mata o dobre ca os accidentes; en Galiza o que máis: 14 por cen mil habitantes, por riba da media estatal (6.9), o que supón unhas 394 persoas. En Grecia, a que menos, duplicouse pola crise, mentres en Venezuela diminuíu, igual ca a miseria do 27% ao 7%. Tamén as chamadas de nenos con ideas suicidas se dobraron.

Política

O medo a perder

Carlos Vázquez G.



Na “Pax bipartita”, cando PP e PSOE se alternaban tranquilos no poder contando, no peor dos casos, con algún caxato nacionalista para que desen os números no Congreso, practicábase a cortesía dos cen días que a oposición outorgaba ao novo goberno antes de empe-

zar o labor de fiscalización e de control. Nesta sorte de bula temporal participaban os partidos e incluso os medios de comunicación. Era un tempo que aproveitaban os elixidos para afacerse á súa nova situación. Agora, tralo acceso ás institucións de novas forzas políticas con vontade transformadora e apoiadas pola exemplar mobilización democrática de moitos cidadáns, a vella cortesía bipartita saltou polos aires. Nin vintecatro horas tardaron os epígonos do vello poder en montar un cirio, político e mediático, claramente desmesurado, a conta de catro expresións indignas, denigrantes e reprochables que algún cargo electo publicou, hai non sei cantos anos, ou a conta dun comportamento radical dalgún mozo que se pasou un par de pobos nalgunha movida política e social, xusto como lle pasou a tantos mandaríns que hoxe van de dignos e moderados. Medios e portavoces trataron o asunto coma se fose a morte dun home, coa desmesura

de quen mata moscas a canonazos, o que proba ata onde chega o medo a perder o poder dos que lle están vendo as orellas ao lobo dun cambio político de certa envergadura.

Dato máis relevante deste “medo que mete medo”, como diría Castelao, é a saída á palestra política abertamente do presidente do BBVA, o chantadino Francisco González, que nun ton calcado do Presidente do Goberno ou de calquera ministro asustado, alerta urbi et orbi do que chaman populismos ou radicalismos extremistas. É verdade que Francisco González, no seu día nomeado por Rato para rematar coa privatización de Argentaria e peza clave en todo o proceso da concentración bancaria desenvolvida no país, hoxe teme, por exemplo, que forzas emerxentes como a de Manuela Carmena en Madrid, impidan definitivamente un plan que cheira de lonxe a pelotazo urbanístico e a despilfarro, no que está moi involucrado: o plan Castellana Norte. É dicir, que a cousa aféctalle, e moi concretamente.

Acabáronse, pois, bulas e cortesías e será o medo a perder poder e fortuna o que marque, de aquí a novembro, unha batalla política a cara de can, na que os vellos partidos farán todo para evitar a renovación sería de institucións que tanto lles serviron para mandar, para forrarse e, con frecuencia, para roubar.

será o medo a perder poder e fortuna o que marque, de aquí a novembro, a batalla política



O peto común Profesor Estraviz

Rubén Aramburu


Nunha mañá inesperadamente fría, xuntámonos tres mosqueteiros barbados: Mero Iglesias, Quintas Canella e un servidor. Chegar a Santa Mariña de Augas Santas sempre é unha iniciación; ninguén habá ter o carné de galego sen peregrinar a Augas Santas e moito menos sen parar aló onde mora o sabio profesor Estraviz. Quedáramos na Romaxe en nos ver e demoramos meses, xa andaba o boi a escornear por Allariz.

Bernardo Penabade é autor dun libro imprescindible : **“Conversas com Isaac Alonso Estraviz”** da editora ATRAVÉS. 80 anos, case que todos, dedicados ao estudo e defensa da lingua galega. Velái tedes o dicionario Estraviz (Ed. Blanco Sotelo) ou o magnífico recurso “Dicionário Eletrónico Estraviz” (<http://www.estraviz.org/>) *uma explosão de luz no universo da língua.*

Coma monxe consagrado á terra e a cultura ofrece os froitos do seu horto: amorotes, laranxas, espárragos, abelás e a contemplación sacra da Biblioteca do Estraviz e da Manuela, aló no sobrado da casa conventual.


Percorremos con Estraviz os misterios castrexos de Augas Santas, a cripta que topamos fechada, as pegadas románicas nas ruínas e na igrexa parroquial, o pozo da santa, o carballo que alguén maldiciu, e foi vingado coa morte duns bois por un lóstrego inmisericorde.

No libro de Conversas, fala Estraviz de Irimia e das Romaxes, con moito tino e sabedoría... quizais que nos dean para unha entrevista ou conversa irimega após destas liñas. Vamos voltar com você irmão e amigo Estraviz.



O CARRABOXO por ROBE LOIS





"Pontevedra. Laranxeiras e limoeiros":
"Os nenos do mercurio".

Na Festa do Lume tivemos a sorte de contar, entre os variados colectivos que participaron no coloquio, cos membros de Capitán Gosende. Un dos seus integrantes e participantes neste coloquio, foi o escritor Carlos Solla, profesor de historia e lingua galega. Foi membro da Asociación Cultural e Ecoloxista Verbo Xido da Terra de Montes e do Grupo de Estudos Etnográficos Serpe Bichoca. É membro fundador do Instituto Galego de Estudos Célticos (IGEC) e do xa citado colectivo Capitán Gosende. Tamén é membro da sección de Literatura de Tradición Oral da AELG.

Como nace Capitán Gosende?

O colectivo CG botou a andar na primavera de 2012. A ducia de membros iniciais proviñamos doutras experiencias asociativas. O xene do activismo predisponnos a compaxinar o "pluriemprego".

CG é unha asociación sen ánimo de lucro. Os lazos familiares ou sentimentais que nos ligan con Cerdedo propiciaron que se escollese este concello, paradigma da Galiza, como territorio de referencia e, así mesmo,

O CG de Cerdedo é devanceiro do Padre Sarmiento e de Rosalía de Castro.

como escenario das nosas primeiras intervencións. A denominación escolleita para a cuadrilla, Capitán Gosende, rememora as fazañas deste miliciano do século XVI que liderou a resistencia popular contra a pirataría inglesa. O CG de Cerdedo é devanceiro do Padre Sarmiento e de Rosalía de Castro. Difírese doutros colectivos de natureza e motivacións semellantes en que é unha asociación

exenta de cargos directivos e retórica estatutaria, aberta a todos aqueles que, afectos ao progresismo mais obviando matices ideolóxicos, queiran sumar o seu esforzo á ardua tarefa de reivindicación do noso acervo. O debate interno considérase síntoma inequívoco de vizo e louzanía. Suxeitos á dinámica do comando cultural, o noso leitmotiv inspírase no coñecido lema martiano "Facer é o mellor xeito de dicir". Nestas porfiaremos até que os azos ou a saúde dispoñan outra cousa.

En CG non hai obrigas nin aliñación titular. O grao de compromiso co proxecto demóstrase coa asistencia e coa participación nas diversas actividades e cometidos que adoitan escollerse por unanimidade (buscar, documentar, valorar e dar a coñecer). Por regra xeral, corta feira, no faladoiro do Eirado da Leña (Pontevedra), decídese a misión e o domingo véñse actuando. As presenzas non se gaban, as ausencias non esixen xustificación.

Que actividades fai hoxe Capitán Gosende?

CG inviste o seu tempo (escaso) e as súas posibilidades (modestas) na

defensa e promoción da cultura e o patrimonio da Galiza dende un posicionamento ecoloxista. Fai máis quen quere ca quen pode. Somos un pobo aburado pola extinción, xa que logo, a autoprotección, mirar por nós e polo noso, é unha necesidade que raia na supervivencia. Apelando á dignidade, o noso voluntariado non é unha opción, é unha obriga.

Cerdedo, para ben ou para mal, é unha reprodución en pequeno de Galiza. Posuímos un tesouro cultural de valor incalculábel, xestionado por unha panda de acompleados torcebotas. A incompetencia das administracións súmase á vontade tácita de minorizar a nosa diferenza. En CG estamos orgullosos do aldeanismo identitario e facemos gala de cheirar a vaca. CG hónrase de non falar a fume de pallas, pois non se pode defender aquilo que non se coñece. Non comungamos nin co elitismo cultural nin coa verborrea de gabinete nin coa ansia de notoriedade. A cultura tradicional dimana do pobo e non se pode interpretar sen o concurso do pobo. Nesta angueira, abundan “politiquiños”; sobran ínfulas academicistas e bótase en falla a anónima xeira, persoas dispostas a emporcallar os zapatos e a comprometer o seu benestar falando alto e claro.

Recoñecendo as nosas limitacións, considerámonos, basilarmente, uns exploradores. Pateamos o territorio con vontade de abraio e, a pé de obra, inventariamos as descubertas e recuperamos do ostracismo o xa inventariado. Este labor non se debe reducir a unha mera listaxe de bens. Cómpre que o pobo (do que nós formamos parte) se empodere do que lle pertence en lexítima herdanza, que o volva facer seu e que se converta no seu principal valedor. A maiores, dende CG propomos alternativas sustentáveis que compaxinen a salvagarda dos valores naturais e patrimoniais coa súa rendibilización, por exemplo,



Celebración do 3º aniversario de Capitán Gosende.

no eido turístico: apertura e deseño de rotas de camiñada, investigación para dotar de contido os itinerarios, guiado de excursións... Alén do papel escrito, eis algunhas das nosas iniciativas en Cerdedo: Roteiro da Montaña Máxica, Roteiro polo Pedre Milenario, Roteiro da Pantalla...

Cales son os principais obstáculos á hora de desenvolverdes a actividade de Gosende?

CG non actúa motivado polas subvencións. Non lle debemos nada a ninguén, non lle lavamos a cara a nin-

gan o cu á cadeira porque non teñen onde caer mortos. Son un atranco e a súa reacción é silenciar todo aquilo que os deixa en evidencia. Nós pensamos que aqueles que son o problema nunca han ser a solución. Respectamos a vontade maioritaria do pobo pero non aceptamos nin recoñecemos unha autoridade que deus sobrada mostra da súa incompetencia e da súa nocividade.

Que soño farías realidade?

Soño cun pobo orgulloso dos seus sinais de identidade, soño cunha Ga-

Soño cun pobo orgulloso dos seus sinais de identidade.

guén, e isto dótanos dunha liberdade de acción que nos fai tan impredecibles coma irredutibles. Cando nun territorio coma Cerdedo, apadumado polo caciquismo dende hai 80 anos, se desenvolven actividades deste teor, orientadas na valorización do ignorado e na denuncia dos desmandos, a autoridade revólvese coma unha serpe contra o que fai perigar o statu quo. É un atraso manter indefinidamente no poder a individuos que fan da política a súa profesión, que ape-

liza galeguista, soño cunha Galiza en galego. Só a vontade política, referendada por unha nova vontade popular, conseguirá darlle a volta a esta situación de decadencia e prostración. Sendo conscientes do noso feito diferencial, calquera outra aspiración estará ao alcance da man. O inimigo teme esta posibilidade e actúa, xaora, en consecuencia.

(Versión completa no blog dos irimegos).

“Existen formas de contaminación que afectan decote ás persoas. A exposición aos contaminantes atmosféricos produce un amplo espectro de efectos sobre a saúde, especialmente dos máis pobres, provocando millóns de mortes prematuras?”

“Estes problemas están intimamente ligados á cultura do descarte, que afecta tanto aos seres humanos excluídos como ás cousas que rapidamente se convarten en lixo?”

“Mentres se deteriora constantemente a calidade do auga dispoñible, nalgúns lugares avanza a tendencia a privatizar este recurso escaso, convertido en mercancía que se regula polas leis do mercado?”

“É un ben para a humanidade e para o mundo que os crentes recoñezamos mellor os compromisos ecolóxicos que abrollan das nosas conviccións?”

“Propoño que nos concentremos no paradigma tecnocrático dominante e no lugar do ser humano e da súa acción no mundo”

“A ciencia e a relixión, que achegan diferentes aproximacións á realidade, poden entrar nun diálogo intenso e produtivo para ambas?”

“Non hai dúas crises separadas, unha ambiental e outra social, senón unha soa e complexa crise socio-ambiental. As liñas para a solución requiren unha aproximación integral para combater a pobreza, para devolver a dignidade aos excluídos e simultaneamente para coidar a natureza?”

“Non nos servirá describir os síntomas se non recoñecemos a raíz humana da crise ecolóxica. Hai un modo de entender a vida e a acción humana que se desviou e que contradí a realidade ata danala?”

“As predicións catastróficas xa non poden ser miradas con desprezo e ironía. Ás próximas xeracións poderíamos deixarlles demasiados cascallos, desertos e sucidade?”

“Calquera menoscabo da solidariedade e do civismo produce danos ambientais. Nese sentido, a ecoloxía social é necesariamente institucional, e alcanza progresivamente as distintas dimensións que van desde o grupo social primario, a familia, pasando pola comunidade local e a nación, ata a vida internacional?”

“Destácase así un gran desafío cultural, espiritual e educativo que supoñerá longos procesos de rexeneración?”

“A maior parte dos habitantes do planeta decláranse crentes, e isto debería provocar ás relixións a entraren nun diálogo entre elas orientado ao coidado da natureza, á defensa dos pobres, á construción de redes de respecto e de fraternidade?”

“Cando somos capaces de superar o individualismo, realmente pódese desenvolver un estilo de vida alternativo e vólvese posible un cambio importante na sociedade?”

“Invito a todos os cristiáns a explicitar esta dimensión da súa conversión ecolóxica?”

Lémbroa coa memoria dos afectos máis que coa das imaxes e referencias, moi desdebuxada entre as néboas do tempo. Quizais xa, nos ecos que se perden por territorios da fantasía, moito máis alá do imaxinable, na República de Albeiros que, sendo neno, era tan lonxe! Chegara eu á capital cargado de referencias chairegas e sentín falar da María dos Quintos quen, segundo o disquedisque, estaba en exercicio daquela profesión tan vella como o mundo, das de saia leda que tiñan baixo control –nourora- a reis e cabaleiros e agora, polo rumor, aos mozos e quintos. A María vestía de negro e só se lle vía parte da cara e nela, o rigor da vida feita sucos. Aínda que aquela cara trocábase feliz cando miraba os pícaros, facíao cun sorrir de infinita tenrura cómpli-

para outros “supostos” mesteres, aínda que eu só vía nela unha muller chea de farrapos que abrigaba fríos e moitas calumnias. Resistínme sempre a crer o que dela dicían. Enloitada en mil ausencias, baixo un montón de remendos, mandil escuro cun enorme peto de ilusións e fume, calzando zapatóns grandes todo o ano, sen amallós e que non asentaban firme o pé dentro do coiro, zapeaba ingratos camiños e arrastraba, en abondoso número, o pedestal teimoso en que avanzaba case pedindo permiso. Naquela humildade levaba carpíns roídos, envolta nunha nube de sospeitas. As xentes máis finas e pulcras, arredaban dela. Eran xustamente as que ían á misa de doce á Catedral. Na súa porta pedía mirando ao chan sen atre-

representa moi ben á nosa Matria, desconsiderada e sometida á arrogante traizón dos ruíns

ce da nosa inocencia. Non podía ser mala, naqueles ollos había unha dozura indescritible, non podía abeirar máis cá necesidade. Uns dicían que fora rosquilleira, tamén que andara nas feiras acompañando a un cego. Ela non quería nin falar diso. Despois foi muller da limpeza nos vagóns da Renfe, nos de animais, e penso que tamén carrexaba maletas na mesma estación cunha carreta grande; por uns céntimos levaba as pertenzas dos que chegaban en tren. O que dicían dela era que aproveitaba os vagóns

verse a erguer por se alguén, diante aquel aceno de escravitude, sentía mágoa e afrouxaba algún patacón. Recendos dun tempo gris, aromas de pobreza, cheiros de miseria. Debeu morrer polos sesenta e pico e nunca lle souben a idade. Para min era unha señora maior, dimensión imprecisa de quen vai no tempo sen pousar nel. Iría coas luvias postas, rompidas en la negra e que só lle cubrían parte dos dedos, escravos de tirar pola enorme carreta da vida. Seica era moi cren-te e tiña moita fe á Virxe dos Ollos



Grandes. Fóra das olladas da xente besbexaba súplicas indescritibles, miraba ao alto, agardando foulas de cativa esperanza, e pedía quizais por un amor ou o fillo que soñaba.

Na miña memoria representa moi ben á nosa Matria, desconsiderada e sometida á arrogante traizón dos ruíns, aínda fillos; desprezada polos que lexislan contra ela, corruptos que fan burla desde os despachos. Unha muller da vida..., dirían mirándoa con desprezo. Pobres incautos, nunca lle viron os ollos á ningunha María dos Quintos. E aínda que llos viran, non saben interpretar tenruras, nin as urxencias da enorme necesidade. Coñecedores de moito, sabedores de nada! Prescinden das referencias dese certo entender sen teoría, propio dos que senten en si causas alleas, inxustas leis que poden levar a ofender aos seres doídos, tanta omisión. Moitas Madalenas e Marías dos Quintos dormen en cartóns, excluídas, fan cola en comedores sociais, choran nas urxencias médicas, marxinas, violentadas, buscando nas sobras do lixo, morrendo a cada silencio, agardando as mesmas foulas da cativa esperanza. E aqueles rindo tranquilos e soberbios, na ignorancia intencionada que se abriga nos despachos!

Internacional Artsakh, as montañas non recoñecidas

Alba Canoura

Licenciada en Ciencias Políticas, integradora social; con formación en xénero; en cooperación internacional e diversos temas sociais, Alba Canoura na actualidade está traballando nun programa de voluntariado internacional en Armenia. Participa en diversos e variados proxectos, como na biblioteca dunha universidade ou accións de sensibilización con crianzas e adolescentes en diferentes cidades. No artigo fálanos da experiencia que viviu en Karabah e para iso contextualiza a situación.



Artsakh, no corazón do Cáucaso

Artsakh é o nome máis antigo para designar o territorio situado na encrucillada entre Armenia e Acerbaixán. Coñecido como Nagorno Karabakh ou Alto Karabakh, historicamente foi unha provincia no tradicional mapa armenio. Incorporada ao estado azarí no período soviético, tras a súa desaparición declarou de forma unilateral a súa independencia en 1991, o que desatou unha contenda bélica na rexión.

Na actualidade a república de Nagorno Karabakh ten unha difícil situación xurídica, xa que malia ser independente *de facto*, segue a formar parte de Acerbaixán para a comunidade internacional. Nin sequera Armenia, o seu principal aliado, a reconece de forma oficial, xa que a considera unha parte do seu territorio, ademais de complicar a situación do seu país no panorama internacional.

Un territorio de confluencia e disparidades

A relación entre a nova república e Armenia é de simbiose. Artsakh é totalmente dependente de Erevan en múltiples aspectos, principalmente no económico e no ámbito bélico (ambos exércitos loitan conxuntamente). Ademais, comparten elementos iden-

titarios tan esenciais como a composición étnica, unha historia común, a lingua, ou a igrexa (apostólica cristiá armenia), polo que se pode entender que Armenia reclame as terras de Karabakh como parte da súa nación.

Porén, durante os dous últimos séculos foise asentando poboación azarí musulmá nesta rexión. Este proceso migratorio intensificouse cando en 1923 Stalin tomou a decisión de

A falta de recoñecemento internacional bloquea o seu desenvolvemento

deixar o territorio baixo administración de Acerbaixán, promovendo o movemento de poboación cara a estas terras.

A loita entre Bakú e Erevan por este territorio viña de lonxe posto que esta rexión montañosa constitúe xeograficamente unha illa en Acerbaixán (ver mapa). A disputa comezou en 1918 coa caída do imperio zarista. Posteriormente ambos os países quedaron baixo control da U.R.S.S., e Artsakh

pasou a formar parte de Acerbaixán. Esta decisión política, guiada pola idea de que a unidade do pobo proletario está por enriba de calquera aspiración nacionalista, ignorou as implicacións antropolóxicas e identitarias de esta rexión. Na actualidade podemos ver as perigosas consecuencias de desatender a diversidade étnica, cultural, relixiosa e lingüística.

Durante un longo período deuse unha pacífica convivencia entre as poboacións azarís e armenia en Karabakh, aínda que non houbo unha grande mestura. Porén dita cohabitación non permanece impasible ás loitas de poder.

Unha rexión en conflito

En 1988 iníciase a disputa por esta rexión, que tentou ser acalada por Moscova. Pero a caída da Unión Soviética en 1991 foi o punto de partida para o estalido do conflito bélico. Nese momento a poboación armenia de Karabakh reclamou a súa independencia co apoio de Armenia. Pero Acerbaixán non quixo renunciar ao control dun territorio no que se asentara un importante número de azarís. A guerra desenvolveuse entre 1991-1994. Erevan contou co favor de Rusia, mentres Bakú era apoiado por Turquía. A violencia non só se pro-

duciu nas montañas de Karabakh, tamén alcanzou á poboación azarí en Armenia e a poboación armenia en Acerbaixán. O conflito resolveuse a favor da nova República Independente de Artsakh, cando o 9 de maio de 1994 as forzas cristiás tomaron a cidade de Shushi, núcleo de poder azarí.

Máis de 30.000 vidas quedaron atrás, e 610.000 azarís viven desprazados en Acerbaixán en precarias condicións (infravivenda, desemprego, desarraigado etc). O conflito continua aberto, e as fronteiras pechadas. Cada ano os intercambios de tiros no linde entre ambos territorios seguen levando vidas de mozos que cobren o servizo militar obrigatorio. A guerra é un pasado moi presente, a cidadanía que viviu este período prega pola paz. E ao mesmo tempo existe unha necesidade de defensa, a idea de que hai que protexer a patria percíbese nas conversacións cotiás. As familias entenden que é necesario ter fillos para manter as fronteiras.

Un país sen recoñecemento internacional

O futuro da República de Artsakh está marcado polo non recoñecemento deste goberno polas institucións internacionais, o que bloquea

sistematicamente o seu desenvolvemento. Aínda que o nivel de vida desta rexión é lixeiramente maior ca noutras zonas de Armenia posto que grande parte do diñeiro e axuda que a diáspora armenia envía á súa nación invístese aquí. Neste limbo entre república independente e territorio autónomo de Armenia, Karabakh desenvolve a súa vida política implementando institucións democráticas e promovendo o desenvolvemento político e social, para poder levantar o país tras a guerra.

A reconstrución é un longo camiño. Nas cidades continúan os buracos das bombas e os edificios derruídos, tamén seguen en pé o que queda das mesquitas que a República de Artsakh non quixo destruír, e que están protexidas polo goberno. Baixo os verdes e floridos campos agóchanse minas sen desactivar que fan improdutivas estas terras. A imaxe de pobos azarís completamente derruídos pola guerra non é unha excepción.

A poboación azarí que sobreviviu á guerra está desprazada. Para eles tampouco se divisa un esperanzador horizonte. A perspectiva de volver á súa poboación de orixe non é viable, e tampouco parece que Bakú invista moito na integración social desta co-




Mesquita de Shushi, medio destruída tras a guerra

munidade; facelo implicaría, en certa forma, unha renuncia tácita á posibilidade de regresar ao territorio de orixe.

A procura dunha saída pacífica ao conflito é constantemente bloqueada por Acerbaixán. Para Bakú acceder ás negociacións con Karabakh sería como admitir que é independente, por iso non acepta sentar na mesa de negociacións co presidente da nova República; as conversas só teñen lugar con Erevan. Artsakh, pola contra, necesita rebaixar a tensión bélica e conseguir unha certa estabilización. Unha das principais demandas é a de establecer unha zona de seguridade na fronteira que puxese fin ao intercambio de tiros entre ambos bandos. Parece máis que improbable que haxa unha volta de folia, e este territorio volva a caer en mans de Acerbaixán. Polo que, a normalización débuxase como camiño que beneficiaría a ambas poboacións, e o que as permitiría poder vivir en paz e frear a violencia nas fronteiras.



Mapa xeopolítico da rexión do Cáucaso



Foron pasando os días e xa se vai vendo no horizonte a celebración da XXXVIII Romaxe. Un grupiño de xentes arredor do patriarca Alfonso o de Guitiriz, o de Xermolos e o de feixes de iniciativas culturais, fómonos reunindo nos meses pasados para comezar a escribir as primeiras páxinas da organización desta nova Romaxe.

A data xa nos vén dada da nosa propia “tradio”: o segundo sábado de setembro, desta vez o 12 de setembro de 2015. Á data achegámoslle un lugar lugar fermosísimo da Terra Cha, Penas de Rodas, cheo de lembranzas e pegadas de grandes poetas, especialmente Manuel María e Díaz Castro.

Desorballando o soño dunha Galicia reconciliada consigo mesma

Á data e ao lugar achegámoslle un lema ben xeitoso: “Desorballando soños”. Si, porque diso se segue tratando: tirar da memoria persoal e colectiva os mellores soños e poñérmonos a narralos para que, narrándoos nos veñan forzas e folgos para facelos realidade. Desorballar o soño dunha Galicia reconciliada consigo mesma,

coa súa paisaxe, coa súa lingua e con toda a cultura de seu e, mesmo porque reconciliada consigo mesma, disposta para contribuír a facer realidade os soños de todos os demais Pobos, e, dende a nosa perspectiva, disposta a facer realidade o soño do Nazareno: pan partido e compartido para todas e todos, teito acolledor para todas e todos, terra para todas e todos, traballo para todas e todos.

E eses grandes soños técese día a día tamén onda nós, e moitas veces nin os coñecemos nin os damos valorado. Por iso queremos facelos presentes nesta nosa Romaxe:

- O soño desorballado e feito realidade da asociación de mulleres da parroquia de Insua, que recuperaron o liño.
- O soño desorballado e feito realidade da asociación “Penas de Rodas” en Gaioso, que loitan por manter unha parroquia unida e por dar a coñecer á xente nova o grande patrimonio cultural e paisaxístico.
- O soño desorballado e feito realidade de Pepita Lombao, oleira de bonxe, a cacharreira que queda na Terra Chá.

Por estes vieiros vai a XXXVIII romaxe. Prometemos seguir traballando e seguir informando.

**Francisco móllase.
Laudato si: unha
encíclica verde
ben comprometida**


**Deputación
DA CORUÑA**

EDITA: Asociación A. IRIMIA

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedrón Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Carme Soto, Marisa Vidal e Xan Guillén, Christina Moreira.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓNS EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓN: Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 628 416 644 / subscripcións@asociacion-irimia.org

Ordinaria: 25 Euros. de Apoio: 40 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 1.000 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

ISSN: 2172-9182


IMPRIME: TÓRCULO Artes Gráficas

DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://asociacion-irimia.org/revista.xhtml>



Boa Nova



Emigrar, saír, partir, irse, largarse parece un destino humano común, mesmamente diría que é O destino. Que nada hai para quen non se move. Que ficar é morrer. Que o mundo é casa grande e que a quen non se muda Deus non lle axuda.

Confeso a miña estrañeza, o case horror que me descoloca ante a reacción dos de Nazaret. E ti quen ves sendo, ti que dis estas cousas? Non lles cadran as medras do seu paisano, por sentírense eles pequenos, fan pequenos a todos.

Porque o pobo dos nada so pode producir nadas, non é? Porque o pobo dos que non se moven e fican cos pés ben pegados ao chan do berce non entenden a frescura tras da fiestra, a dozura do chan alén das millas, o arrecendo da distancia, a beleza da pegada que se afasta. Non entenden non, que para ser hai que saír, que o ser vai comigo e que so hai unha maneira de sabelo... poñendo un pé diante doutro.

Como doe a separación, o arrincar das raíces encariñadas coa terra, canto medo pasan no aire as raíces pero se non as arrincan non son froito.

Si, Mestre, síntome ás veces coma unha pataquiña sacada do chan. Se quero ser pataca, nutrimento que farta, teño que deixar de ser raíz que podrece se non a collen.

Un pé diante de outro, a terra no corazón, o corazón cheo da Terra... polo mundo, comido pero vivo e libre.

Christina

DOMINGO 5 DE XULLO. XIV DO TEMPO ORDINARIO

A PALABRA. Mc 6, 1-6

Naquel tempo, saíndo Xesús de alí, foise para a súa vila, acompañado polos seus discípulos. Cando chegou o sábado, empezou a ensinalos na sinagoga. E moita da xente que o escoitaba dicía abraiada: «De onde lle veñen a este todas esas cousas? Que sabedoría é esa que lle ensinaron, e como pode facer tantos milagres pola súa man? Non é este o carpinteiro, fillo de María e irmán de Santiago, Xosé, Xudas e mais Simón, e as súas irmás non viven aquí connosco?» Estaban realmente escandalizados. Mais Xesús díxolles: «Non hai profeta máis desprezado que na súa terra, na súa casa, ou entre os seus parentes.» E non puido realizar alí ningún milagre, fóra dalgunhas curacións, que fixo impoñendo as mans. ⁶ Estaba sorprendido por aquela incredulidade. E dedicouse a andar polas aldeas dos arredores, ensinando.

A PALABRA

É complexo o mundo das relacións familiares. As amizades elíxelas, ou elixente elas a ti, pero na familia... compartes vida con persoas que moitas veces acaban desenvolvendo dinámicas de poder que abafan as relacións.

Xesús tamén viviu o desacougo de terse que relacionar cunha familia e unha veciñanza que o viran medrar, pero que non o entendían por dentro, que pensaban que esa proximidade vital lles daba dereito a esixir un tratamento diferente no Reino.

Na súa terra e na súa casa Xesús é desprezado e tido por un tolo porque non respecta as regras do xogo de poder que se agachan na lei xudaica da familia. A situación prodúcelle desacougo e dor, e decide cambiar de rumbo a experiencia familiar. Detrás do "non chamedes pai a ninguén na terra" hai un novo xeito de entender as relacións que rexeita toda estrutura de poder, escapando á chantaxe que as obrigas dos lazos familiares lle podan impoñer.

A nós tócanos repasar que tipo de relacións establecemos nas nosas familias, e ver onde hai afecto, amor, ou simples dinámicas de poder. Onde hai amor e fe nas persoas os lazos familiares son unha festa. Onde so hai imposición de obrigas hai tempo que deixou de haber familia tal e como a entende Xesús, digan o que digan os contratos e prescricións legais.

Marisa de Corme

A CLAVE

O ECO

Falando da lingua Máis de toponimia

Lidia e Valentina



Por favor, que lle pasen a toponimia oficial a quen corresponda corrixir isto!

Se estabades esperando este número no que prometemos seguir falando dos nomes dos lugares, xa avisamos que a nosa riqueza toponímica é tanta, que é difícil escoller os nomes dos que podemos falar neste espazo. Mais existen moitas publicacións que tratan este tema e que dan conta detallada dos nomes de lugares de concellos concretos, ou ben agrupados por temáticas. Se preferides unha información máis lixeira, vía internet, podedes consultar a páxina: <http://www.xunta.es/toponimia-e-nomenclator>,

que ofrece toda a toponimia oficial de todos os concellos de Galicia. Así podedes asegurarnos tanto de grafías como de se é unha forma pouco ou moi común. O que non aparecen son os significados, por iso imos ocupar unhas liñas niso. Hai formas que son totalmente transparentes, unhas máis abundantes ca outras, pero que

non precisan ningunha explicación extra: A Veiga, O Campo, A Laxe, O Pedroso, Mosteiro ou Pazo son sitios que naceron onde había veigas, laxes, pedras Ribadavia, Ribademar fan referencia á localización xeográfica... Calquera deduce tamén que Carballal e Carballeira significan lugar onde había moitos carballos, pero se cadra xa non sabemos que Cerqueiras vén sendo o mesmo, pero referíndose a un tipo concreto de carballos que lle chamaban “cerquiños”.

Non parece difícil tampouco Foxo cando o significado é ‘depresión do terreo’, pero ás veces non hai tal e de-

riva o nome da existencia de foxos ou trampas que se usaban para cazar os lobos (*foveum lupale*).

Alguns parecen máis claros do que en realidade son. Pensamos en todos os que levan “Susa”, “Suso” ou “Su-“ e que derivan dunha palabra latina que significaba “arriba”; de aí que Susavila ou Vilar de Suso fagan referencia a poboacións que se atopaban nun alto, ou simplemente máis arriba ca outras. O mesmo lle pasa a FonteSusán e a Suigrexá, facendo referencia a un lugar que está pola parte de arriba da igrexa, ou a unha fonte que está alta.

Outros son escuros xa á vista e dan conta das orixes do noso idioma. É o caso de Barallobre, Lestrobe, Iñobre, todos eles rematados en “-obre”; procedente do celta -briga e que adoita ter o valor de ‘fortaleza, fortificación’ nos topónimos dos que forma parte.

E vólvesenos acabar o espazo só con esta achega mínima a unha riqueza tan impresionante como a que se conserva na toponimia. Así que agora no verán, que se anda moito por fóra, fixádevos ben nos rótulos dos nosos lugares e a investigar!

O Fachineiro da ría de Pontevedra

Fedores

Entre os poucos recursos que a xente do común temos contra o capitalismo salvaxe e as súas consecuencias están dous moi poderosos: a educación e a información, que normalmente van unidas. Hai uns quince días houbo unha marcha contra a presenza da fábrica de celulosa na ría de Pontevedra. O percorrido remataba na propia ENCE, esa empresa instalada en tempos do alcalde Filgueira Valverde e que leva contaminando a ría e os seus arredores dende hai medio século. Calquera que se achegase ata a porta da fábrica podería pensar que a marcha estaba patrocinada pola propia ENCE, porque alí agardaban, noviñas do trinque, pancartas que dicían cousas como “traballe-



mos xuntos pola ría” ou chufando o valor dos 800 postos de traballo na comarca. Se un non está informado ou renuncia a estalo, o conselleiro delegado dalgunha empresa ha gobernarlle a vida con máis facilidade aínda. Nesa liña, pouco espazo se lle deu ao Tratado de Libre Comercio (que traducido por Pepe Chao sería “Raposo libre en galiñeiro libre”), fóra desta atenta revista e iso si que vai gobernar as nosas vidas. “Cero olores. É o noso deveso. Esteamos chegando. Notáchelo?” Sería un bo lema anticorrupción, pero era outra das pancartas que algún directivo de ENCE decidiu poñer para solaz dos manifestantes.

A.Q.